



# Premios **RAGC-UIE** para investigadoras e investigadores **XOVES**

## CONVOCATORIA ANO 2024

A Real Academia Galega de Ciencias e a Universidad Intercontinental de la Empresa queren dar recoñecemento público e potenciar as traxectorias de investigadoras e investigadores xoves mediante a concesión de premios de investigación que rexeranse polas seguintes

### BASES

#### 1 QUEN PODE CONCORRER

Poderán concorrer investigadoras e investigadores que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que no ano da convocatoria non superen os 40 anos de idade (42 en caso de ter sido nai ou de ter algunha incapacidade).

#### 2 DOTACIÓN

Outorgaranse tres premios, dotados con 5.000 € cada un, a investigadoras e investigadores pertencentes ás seguintes grandes áreas de coñecemento: Ciencias Básicas, Ciencias Técnicas e Ciencias Sociais

En cada categoría poderá concederse un accésit.

Os premios poderán declararse desertos por falta de candidaturas con méritos suficientes.

#### 3 PROCESO DE PRESENTACIÓN

As propostas deberán ser presentadas na **web da RAGC**, nun formulario específico, e constarán dos seguintes documentos:



a) Un documento de ata 4 páxinas onde se describa a traxectoria investigadora. Valoraranse particularmente cinco dimensións: i) A contribución á crea-

ción de coñecemento, por medio de publicacións en libros e revistas, valorando expresamente a orixinalidade, a calidade e o impacto; ii) Traxectoria internacional, incluíndo períodos de formación e realización de proxectos ou traballos; iii) Capacidade de liderado, en base á dirección ou participación en proxectos, iniciativas salientables, redes nacionais e internacionais e captación de fondos para investigación a través de proxectos e contratos de investigación. iv) Capacidade formativa avaliada en base á dirección de Teses de Doutoramento e Proxectos Fin de Mestre. v) Actividades de difusión da ciencia á sociedade.

b) Currículum vitae abreviado (CVA, normalizado) da candidata ou candidato.

c) Cartas de apoio de tres investigadoras ou investigadores de recoñecido prestixio onde se salienten claramente os méritos da candidata ou candidato.

### 1 PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo da convocatoria remata o 15 de outubro de 2024.

### 1 COMITÉ DE SELECCIÓN

O comité de selección estará formado polo presidente da RAGC, ou persoa en quen delegue, polos presidentes, ou persoa en quen delegue, das cinco seccións da RAGC e por un representante da UIE que exercerá como secretario, con voz pero sen voto.

### 1 OUTRAS OBSERVACIÓNS

As premiadas e os premiados, incluíndo os accésits, recibirán os correspondentes diplomas acreditativos que serán entregados nun acto público a celebrar en decembro de 2024.



**RAGC** / REAL ACADEMIA  
GALEGA DE CIENCIAS

**UIE** | **Universidad**  
Intercontinental de la Empresa